



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

D. Alfredo Dovale Pedreira, Alcalde do Concello de Mañón

A Xunta de Goberno Local, en virtude da competencia delegada por Decreto da Alcaldía n.º 152/2023, de 28 de xuño de 2023, acordou, en sesión celebrada o día 17 de xuño de 2024, aprobar as bases reguladoras e a convocatoria para a contratación laboral temporal dunha praza de técnico/a para a atención asistencial no Punto de Atención á Infancia de Mañón (PAI)

A convocatoria e as bases foron publicadas nos taboleiros de anuncios do Concello.

O día 24 de xuño de 2024 rematou o prazo de presentación de solicitudes, emitíndose o correspondente certificado por Secretaría, no que se establece que non é necesario proceder, por ningunha das candidatas presentadas, a emendar os requisitos establecidos na convocatoria.

Polo exposto, en virtude das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación definitiva de aspirantes admitidas no proceso selectivo para a contratación laboral temporal dunha praza de técnico/a para a atención asistencial no Punto de Atención á Infancia de Mañón (PAI)

### ADMITIDAS

D.N.I	APELIDOS E NOME
***8156**	BEN GARCÍA, SARAY
***9085**	BLANCO PÉREZ, IRMA
***8483**	CALVO CANOURA, CARLA
***8409**	PRADO RODRIGUEZ, TANIA

### EXCLUÍDAS:

Ningunha

SEGUNDO.- Designar ás persoas que se indican como membros do tribunal cualificador:

- **Presidente:** D. Alfredo Sesar Peón, Secretario-Interventor do Concello do Vicedo.

- **1ª Vogal:** Dna. Natividad Rubido Martínez, Traballadora Social do Concello de Mañón

- **2ª Vogal e Secretaria:** Dna. María Valiña Garrido, Secretaria-Interventora do Concello de Mañón.

A sesión constitutiva do Tribunal realizarase o día 27 de xuño de 2024 ás 09:30 horas

TERCEIRO.- Establecer como data para a realización da proba de exposición oral do desenvolvemento do traballo a realizar, establecido no apartado 6 C) das bases reguladoras, o **día 27 de xuño de 2024, ás 10:00 horas**, no edificio da Casa do Concello de Mañón en Praza do Mesón, nº 1 de O Barqueiro,

As persoas aspirantes deberán asistir provistas do documento nacional de identidade, permiso de conducir ou pasaporte

CUARTO.- Publicar a presente resolución nos taboleiros de anuncios do Concello e notificala ás persoas designadas para formar parte do Tribunal cualificador.

En Mañón, coa data da sinatura electrónica

O Alcalde

Alfredo Dovale Pedreira.